



BANDO

OBRIGA DE LIMPEZA E XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, define as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa como terreos cunha función de protección dos núcleos de poboación, equipamentos sociais, zonas edificadas, parques e zonas industriais.

Por este motivo, establécese a obriga para as persoas responsables das parcelas situadas nestas redes de faixas de realizar os traballos de limpeza e retirada da masa vexetal nun perímetro de **50 metros** respecto de: solo urbano, núcleos rurais, solo urbanizable, vivendas illadas, instalacións industriais e outras edificacións destinadas ao uso de persoas.

Así mesmo, lémbrese a obriga de manter os terreos, parcelas e solares situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable nas debidas condicións de limpeza, seguridade e salubridade.

O prazo para o cumprimento voluntario destas obrigas finaliza o 31 de maio de 2026, de conformidade coa normativa vixente.

Nestas zonas tampouco poderá haber eucaliptos, piñeiros ou acacias, nin outras especies que incumpran as distancias e condicións establecidas pola normativa aplicable.

Advírtese que o incumprimento destas obrigas poderá conlevar a imposición de multas coercitivas, ou ben a execución subsidiaria dos traballos coa repercusión dos custos á persoa responsable, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

As parcelas afectadas polas faixas secundarias poden consultarse no visor da Xunta de Galicia:
<https://mapas.xunta.gal/visores/faixas/>

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Ponteceso, 11 de maio de 2026

O alcalde

José Manuel Mato Martínez